PROXECTO

DO FOMENTO

DO USO DO

GALEGO

CEIP Manuel Sueiro

Curso 2014/2015

ÍNDICE

Introdución

1. **Estudo sociolingüístico do centro.**

    a. **Contorno sociolingüístico do centro.**
    b. **Situación do profesorado.**
    c. **Situación do alumnado.**
    d. **Situación lingüística do centro.**

2. **Descrición de obxectivos adecuados a cada un dos catro sectores mencionados anteriormente.**

3. **Descrición detallada das actividades de dinamización lingüística para cada un dos obxectivos propostos.**

4. **ANEXO II. Cadro resumo das actividades**

INTRODUCIÓN

O Claustro de Profesores e o Equipo de Dinamización da Lingua do Centro considera que a lingua galega é un **elemento básico de identidade** cultural e que une a toda a comunidade educativa que a fala , polo que ao amparo da **Lei 3/1983** que propón que se garanta o uso en igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia, favorecerá e impulsará esa igualdade para que ao rematar a Educación Primaria , os alumnos e alumnas deste Centro teñan competencia, oral e escrita, nas dúas linguas.

O **Decreto 79/2010** de 20 de maio, regula o uso das linguas no sistema educativo. No seu artigo 14 di que cada Centro elaborará o seu Proxecto Lingüístico cada catro anos, e que formará parte do seu Proxecto Educativo. No marco deste Proxecto Lingüístico o EDL promoverá a realización dunha serie de actividades extraescolares e complementarias que permitan un **incremento do uso do galego** nas mesmas e que plasmaremos neste proxecto de fomento do uso do galego convocado para o curso académico 2014/2015, ao igual que fixemos nos derradeiros cursos académicos.

Somos conscientes de que neste Centro de Ensino o labor de normalización é algo complicado ó ter alumnado que ten como lingua de uso común o castelán e tamén hai que ter en conta que atopámonos cunha porcentaxe estimable de alumnos de etnia xitana que teñen como lingua habitual o español. A isto hai que engadir a dificultade que conleva o que tamén hai alumnos procedentes doutros lugares, nos que non se fala o galego; aínda que estes últimos poden chegar a comprendelo e falalo máis rápido se os seus compañeiros o utilizaran máis a miúdo, xa que nesta idade é doado aprender novos idiomas.

Pois ben, o labor de normalización ten que asumirse dun xeito transversal no que deben participar, a poder ser, os membros da comunidade educativa:

-Alumnado.

-Profesorado.

Cada un destes grupos ten un papel diferenciado neste proxecto, mais non por iso menos importante.

1. ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

a. Contorno sociolingüístico do Centro.

O C.E.I.P. “Manuel Sueiro” ven funcionando dende hai ó redor de trinta anos no barrio de As Lagoas e a el acude alumnado de toda a cidade.

Posúe 6 unidades de primaria, 2 de E.I. e unha de P.T., contando tamén cunha orientadora que é compartida co colexio de “Vistahermosa”; ademais dunha profesora de Audición e linguaxe que este curso está a tempo total.

Temos escolarizados ao redor de 90 alumnos a maioría españois, pero tamén contamos cun importante número de alumnado de etnia xitana como xa dixemos na introdución e outros de Hispanoamérica.

Esta situación fai que de partida contemos cun problema engadido á hora de normalizar o galego, pois hai que dicir que os nenos-as do barrio e da cidade que veñen ó colexio son castelán-falantes.

b. Situación do profesorado.

O profesorado do centro é maioritariamente definitivo. Entre nós usamos o galego como lingua habitual aínda que temos profesorado que usa maioritariamente a lingua castelá para comunicarse.

c. Situación do alumnado.

Como xa dixemos anteriormente o alumnado do colexio non utiliza asiduamente a lingua galega e nas clases tenden a utilizar o castelán como lingua de comunicación, xa que é a súa lingua vernácula, a que eles falan a diario na súa contorna.

d. Situación lingüística do centro.

Como xa vimos recalcando, a maior parte do profesorado e persoal non docente exprésase en galego, aínda que ás veces ten que facelo en castelán ó falar con membros da comunidade educativa que non coñecen o idioma. Sen embargo hai que dicir que a comunicación escrita con ditas persoas realízase normalmente en galego.

2. OBXECTIVOS ADECUADOS A CADA UN DOS CATRO SECTORES

Durante o presente curso académico 2014-2015 o equipo de dinamización lingüística pretende acadar e reforzar o seguinte:

A). En colaboración coa biblioteca do centro e dentro do PLAMBE quere mos potenciar o uso da lingua galega tanto a nivel oral coma escrito e achegar máis a canle de comunicación entre os distintos membros da comunidade educativa.

B). Fomentar e valorar as festas e costumes típicos da nosa comunidade, e en especial da nosa provincia e concello.

C). Mellorar a calidade no uso da lingua galega.

D). Fomentar hábitos de lectura de libros escritos en galego e amplia-la biblioteca existente, tamén en colaboración co PLAMBE.

E para chegar a alcanzar o anterior temos que contar coa colaboración dos membros da comunidade educativa, xa mencionados anteriormente, e ós que lles asumimos o seguinte:

a. Atendendo ao contorno sociolingüístico do centro.

1. Contribuír ao desenvolvemento integral do idioma galego.
2. Recuperar a nosa identidade como pobo.
3. Coñecer e manter os nosos costumes e tradicións.
4. Que o alumnado coñeza mellor o entorno no que vive.
5. Valorar positivamente lendas e contos tradicionais.
6. Coñecer aspectos etnográficos da zona.
7. Recuperar a identidade en certos aspectos antropolóxicos.

8. Investigar sobre personalidades da cultura galega da nosa entorna: este ano pescudaremos información sobre *Xosé Fernando Filgueira Valverde.*
9. Actualizar os datos de uso e dominio do galego a nivel escrito e oral do noso contorno.

b. Atendendo á situación do profesorado.

1. Contribuír ao desenvolvemento integral do idioma galego.
2. Mellorar a competencia lingüística do profesorado.
3. Poñer á disposición do profesorado canta información e medios sexa posible para conseguir unha efectiva normalización no uso do idioma galego.
4. Actualizar constantemente da Páxina web do Centro, dende a que se difundirán todas as novas e temas en galego.
5. Implicar a toda a comunidade na realización do proxecto..
6. Investigar sobre o autor homenaxeado nas letras Galegas, *Xosé Fernando Filgueira Valverde.*.
7. Investigar sobre a vida e obra de *Xosé Fernando Filgueira Valverde.*
8. Crear, actualizar e por en práctica varias webs sobre contidos que fomenten as nosas costumes e tradicións e que o alumnado traballará en determinadas datas.

c. Atendendo á situación do alumnado.

1. Favorecer o emprego do galego nos momentos da vida escolar non regrada.
2. Aproveitar o tempo de lecer para coñecer a nosa literatura oral e escrita.
3. Comprender o esforzo dos nosos maiores para manter viva a nosa lingua.

4. Manter os nosos costumes e tradicións.
5. Pescudar información sobre os oficios principais do noso entorno: vendima, gandería, matanza e esfolla.
6. Investigar e realizar actividades de educación documental sobre *Xosé Fernando Filgueira Valverde.*
7. Buscar información sobre a literatura popular.
8. Investigar sobre o autor homenaxeado nas letras Galegas: *Xosé Fernando Filgueira Valverde.*
9. Traballar a educación documental por medio de páxinas de internet, libros web… que se realizarán ao longo do curso.
10. Asistir a obras de teatro ou proxeccións en galego, de xeito que o noso alumnado vexa a importancia da nosa lingua fóra do seu contorno.
11. Valorar os nosos costumes e tradicións, usando as novas tecnoloxías.
12. Valorar a nosa arte popular.
13. Participar activamente en sesións de contacontos.
14. Realizar obras de teatro en galego.
15. Memorizar e recitar poemas de autores galegos.
16. Participar no obradoiro de poesía para conmemorar o Día Mundial da poesía.
17. Participar activamente nos obradoiros de creación literaria que realizarán para conmemorar o Día do Libro.
18. Participar activamente en todas as actividades propostas na xuntanza de convivencia cos centros da comarca en defensa do idioma galego.

d. Atendendo á situación lingüística do centro.

1. Contribuír ao desenvolvemento integral do idioma galego.
2. Recuperar a nosa identidade como pobo.
3. Manter os nosos costumes e tradicións.

4. Favorecer a integración do alumnado non galego no emprego da nosa lingua e no coñecemento da cultura galega.
5. Favorecer a utilización das novas tecnoloxías para fomento do emprego do galego.
6. Utilizar o idioma galego para as comunicacións internas e externas a nivel oral

3. DESCRICIÓN DETALLADA DAS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA PARA CADA UN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS

Tentaremos abarcar co uso do galego todos os aspectos da vida escolar e o ámbito no que se desenvolven os nosos alumnos e alumnas.

Todas as actividades serán levadas a cabo en equipo tendo como finalidade última o **emprego satisfactorio e normalizado** do galego para que se perciba como un factor de identidade do noso país .

Procuraremos ter unha relación cos pais e nais do alumnado e demais persoas da comunidade educativa. Así, varias das actividades que realizaremos, como o Samaín, o magosto, o festival de Nadal, O Entroido, A Semana das Letras Galegas,... están enfocadas tamén para eles, de xeito que **se fomenta a participación dos pai se nais**, avós e avoas, e persoas próximas ao entorno do alumno.

No que respecta ao **persoal non docente**, no centro só temos, unha Auxiliar Técnico educativa e a Conserxe, as cales facemos partícipe de todas aquelas actividades que son dirixidas á comunidade educativa e daqueloutras nas que se fai necesario a súa implicación.

Mediante estás **actividades motivadoras** buscamos, ademais do divertimento para todos e todas, un medio para fomentar o uso da nosa lingua, o amor por ela, e que os nosos costumes, tradicións, cantigas, oficios, ... se manteñan ao longo do tempo e sexan coñecidos por todos. Aproveitaremos as celebracións e conmemoracións de carácter cultural do calendario escolar para abarcar e introducir o galego na súa realización.

Asemade perseguimos que os nosos alumnos se sintan identificados coa nosa lingua e comprendan a súa importancia e a empreguen en todo momento, tanto nos momentos de **traballo** coma nos de **lecer**.

Desde o noso centro entendemos que para o bo desenvolvemento da realización de todo este programa de actividades faise necesario a **coordinación permanente** e organizada entre os **equipos de dinamización lingüística, o equipo TIC-Abalar e o equipo de biblioteca do PLAMBE**. Esta coordinación vese, no noso caso, amplificada e fundamentada no respaldo que nos ofrece o Equipo Directivo, Claustro e Consello Escolar no seu apoio tanto persoal como económico.

Moitos dos obxectivos propostos traballámolos en varias actividades, polo que describimos as actividades e indicamos os obxectivos que máis se traballan dos propostos, a pesar de que se conseguen moitos máis dos que deseñamos:

(Non separamos as actividades por sectores, xa que a maioría implican a consecución de obxectivos dos catro ámbitos analizados):

1. Continuaremos empregando o galego en todos os documentos e escritos de relación coas familias e o entorno social. **Obxectivos**(a1, d1, b1)

2. Continuaremos elaborando en galego toda a documentación administrativa e pedagóxica do centro. **Obxectivos**(a1,b1, d1)

3. Manteremos en galego os cuños empregados na vida administrativa. **Obxectivos**(a1, d1, b1)

4. Emprego do galego, por parte do profesorado, nas conversas que mantemos coas familias, co alumado e co persoal docente e non docente. **Obxectivos**(a1, b1, b3, d1)

5. Todos los carteis, avisos, informas,... que figuren no centro serán confeccionados en galego. **Obxectivos**(a1, b1, b3, d1)

6. Usar o galego en todos os actos que organiza o centro. **Obxectivos**(a1, b1, b3, d1)

7. Ao longo do curso elaboraremos, **en todos os Ciclos/niveis**, diversos **cartaces** conmemorativos coa seguinte temática, e por suposto, escritos en galego:

   - Tradición oral
   - Día das bibliotecas escolares.
   - Samaín.
   - Magosto.
   - As estacións.
   - A Constitución.
   - Nadal.
   - Día da Paz.
   - Entroido.
   - Muller traballadora.
   - Día mundial da Poesía.
   - Semana da Prensa.
   - Día internacional do libro.
   - Autor homenaxeado nas Letras Galegas.
   - Día da árbore.
   - ... e outros que poidan xurdir ao longo do curso.

   Obxectivos(a1, a2, a3, a4, a5, a6, a7, a8 b1, b6 c1, c4, c8, c9, d1, d2, d3)

8. Actualización e mantemento da **web do centro** usando como lingua vehicular o galego. Deberá implicar a toda a comunidade

educativa na introdución de contidos na mesma. Procurarase crear un bloque específico para O EDL para reflectir o traballo realizado desde o mesmo. **Obxectivos**(a1, a2, a3, a4, a5, a6, a7, a8, b1, b2, b3, b4, b5, c1, c3, c6, d1, d2, d3, d4, d5)

http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuelsueiro/

9. **Actualizaremos a web** ao longo do curso con contidos referentes ás diversas actividades realizadas no centro que están programadas neste proxecto. Tamén será completada con contidos de carácter etnográfico, popular, costumes e tradicións das xentes do noso entorno e que comentamos máis adiante noutras actividades. **Obxectivos**(a1, b1, b5, d1, d5)

http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuelsueiro/

10. Velar porque todas as entradas que se fagan na web sexan feitas en lingua galega, salvo as das áreas das outras linguas impartidas no centro. **Obxectivos**(a1, b1, b2, d1)

11. Actualizaremos as **unidades didácticas** elaboradas en anos anteriores, e elaboraremos algunhas novas sobre as distintas celebracións e conmemoracións que realizamos no noso centro cun enfoque transversal dentro do currículo educativo. Os temas son os seguintes:
    a. O magosto.
    b. A Constitución e o Estatuto.
    c. Lendas do Nadal.
    d. O Día da Paz.
    e. O entroido.
    f. San Valentín.
    g. Día da muller traballadora.
    h. As Letras Galegas.

    Obxectivos(a1, a2, a3, a4, a5, a6, a7, a8, b1, b4, b6, b7, b8, c1, c2, c7, c11, d1, d2, d3)

12. **Celebración do Samaín**. Traballamos no aula *UD realizada polo EDL* en colaboración co Equipo de biblioteca. **Ambientaremos as aulas** e os corredores con alusións á festa do Samaín. Faremos unha ***exposición coas cabazas*** talladas polos alumnos no corredor do centro para que as vexa toda a comunidade educativa. Entregaremos diplomas aos participantes. Contaranse contos de medo no colexio. *Todo este traballo reflectirase na páxina web do colexio.*

Obxectivos (a1, a2, a3, a4, a5, a6, a7, b1, b3, b4, b5, c1, c4, c6, c9, c10, c12 d1, d2, d3).

http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuelsueiro/node/251

13. Celebración da **festa do magosto** o día de San Martiño. Actividade plurianual que vimos realizando desde fai moitos anos. Durante a semana previa traballaremos de xeito transversal UD elaborada polo EDL.Recollemos aquelas actividades e recursos que nos poden ser de utilidade para a celebración do magosto no noso cole.

http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuelsueiro/node/255

Celebramos a **festa do magosto** no colexio coa realización de múltiple actividades: exposición de castañas e centros de outono, xantar do magosto e un obradoiro de xogos de carácter popular no patio do colexio. Fixemos unha secuencia de debuxos representando a recollida da castaña e a festa do magosto.

Obxectivos (a2, a3, a4, a5, a6, a7, b1, b3, b5, b6, c1,c2, c4, c9, c10, c12, d1, d2, d3).

http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuelsueiro/node/270

14. **Día da ciencia**. Durante varias semanas os alumnos do sexto nivel serán os encargados de indagar e recoller refráns e ditos propios da nosa terra e comarca relacionados ca climatoloxía, en colaboración co Proxecto de Meteoroloxía levado a cabo polo Equipo de Biblioteca. Manteremos contacto e faremos **intercambio de refráns** da zona co colexio de Tui **CEIP Pazos**

de Reis. *Colgaremos a actividade se é posible, na web* para ser vista por ambos centros educativos.

Obxectivos (a2, a3, a4, a5, a6, a7, a8, b1, b3, b5, b9, c1,c2, c4, c10, c12, d1, d2, d3, d4).

15. **Celebración do Nadal**: durante a semana previa traballaremos **UD facilitadas polo EDL en colaboración co Equipo de Biblioteca sobre** as lendas do Nadal.

    http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuelsueiro/node/318

    Decoraremos o centro cun **Belén xigante**, que recrea o nacemento do neno Xesús, para ser observado por todas aquelas persoas que nos visiten. Faremos distintos murais para decorar as aulas e os corredores. *Subiremos os traballos a páxina web*.

    Obxectivos (a2, a3, a4, a5, a6, a7, b1, b3, b5, b9, c1,c2, c4, c10, c12, d1, d2, d3).

    http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuelsueiro/node/336

16. **Concurso de postais de Nadal**: Un ano máis, o EDL do colexio, en colaboración co Equipo de biblioteca, convocaron unha nova edición do **concurso de postais** con motivos navideños. Cos traballos faremos unha exposición no corredor. Entregarase un diploma aos alumnos participantes. Seleccionaremos os mellores traballos e elexirase un gañador co que se fará a postal para felicitar as festas ás familias do centro.

    Obxectivos (a1, a2, a3, a4, a5, a6, a7, b1, b3, b5, c1,c2, c4, d1, d2, d3, d4).

    http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuelsueiro/node/337

17. **Festival de Nadal:** nas vésperas das vacacións de Nadal faremos un festival con obras de teatro, cancións, instrumentos musicais, panxoliñas,.... no que se **fomentará de forma activa a oralidade** do galego. *Todas as actuacións serán colgadas na web do centro.*

Obxectivos (a1, a2, a3, a4, a5, a6, a7, b1, b3, b5, b7, c1, c2, c4, c15, c16, d1, d2, d3, d4)

http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuelsueiro/node/351

18. **Día da Paz e non violencia**: faremos unha **compilación de recursos educativos** que realizamos no noso centro ou que realizaron mestres doutros centros **sobre o Día da Paz** colgando os enlaces na páxina web do centro.

    http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuelsueiro/node/372

    Poñeremos tamén na web un **Libro interactivo** con recursos educativos para traballar a **Historia de Malala**, premio Nobel da Paz 2014.

    http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuelsueiro/node/396

19. Preparamos unha obra de **teatro "Sopra un vento de Paz"** na que se traballan valores para a NON violencia. Organizamos un **karaoke** con cancións adicadas á Paz. Faremos unha exposición de mensaxes de amizade, tolerancia, repecto,…*Todo isto o incluiremos na web do centro para potenciar a oralidade.*

    Obxectivos (a2, a3, a4, a5, a6, a7, b1, b3, b5, b9, c1,c2, c4, c10, c12, d1, d2, d3).

20. **Celebración do entroido**. Nesta actividade plurianual o EDL do centro facilitará recursos **sobre o entroido** en coordinación co equipo de biblioteca e TIC e serán colgados na web do colexio para ser accesibles a toda a comunidade educativa galega.

    http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuelsueiro/node/377

    Decoraremos as **máscaras** típicas do entroido galego e faremos unha exposición no centro; cada curso elixirá a máscara que mais lle guste para decorala.

    Elaboraremos os **disfraces** para profesorado e alumnado, todo o colexio irá disfrazado do mesmo xeito o venres de entroido. Durante toda a semana cumpriremos as **mandas do meco**. Celebraremos o entroido cun desfile de disfraces ao que está

invitada toda a comunidade educativa… **Obxectivos** (a2, a3, a4, a5, a6, a7, b1, b3, b5, b9, c1,c2, c4, c10, c12, d1, d2, d3).

21. **Día das Letras Galegas.** Nesta semana exporemos a vida e obra do autor homenaxeado, poemas, contos, obras de teatro, cancións,.... no que se **fomentará de forma activa a oralidade** do galego. *Todas as actuacións serán colgadas na web do centro* **Obxectivos** (a1, a2, a3, a4, a5, a6, a7, a8 b1, b3, b5, b6, b7, c1, c2, c4, c15, c16, d1, d2, d3, d4)

22. Promover o uso de programas de **software en galego**, nos ordenadores do Centro, tanto nos alumnos como nos profesores. Instalar os programas máis utilizados en galego en todos os ordenadores de profesorado e alumnado. **Obxectivos** (a1, b1, b3, d1)

23. Compilar outro **material informático** que axude aos mestres e alumnos a traballar en galego. **Obxectivos** (a1, a2, b1, b2, b3, d1, d2)

24. Dotar á **biblioteca** con novos fondos en galego. O profesorado confeccionará unha listaxe de referencias bibliográficas por prioridades que entregamos ao Equipo de Biblioteca para que as teña en conta á hora de mercar fondos para a mesma. . **Obxectivos** (a1, a2, a3, a4, a5, a6, a7, b1, b2, c1, c2, c4, c7, d1, d2, d3)

25. En coordinación co equipo de biblioteca, fomentaremos o uso e lectura de libros en galego na **Hora de Ler** que temos establecida tódolos días da semana en sesións de 20 minutos. **Obxectivos** (a1, a2, b1, b2, b3, d1, d2)

26. Dedicar a Semana das Letras Galegas a promover o uso do galego, incidindo na lectura en galego no tempo de lecer. **Obxectivos** (a1, a2, b1, b2, b3, c8, c12, d1, d2)

27. Realizaremos unha **compilación**, en colaboración co equipo de biblioteca, de todo aquel material educativo que se publique na rede sobre a celebración do **Día das Letras Galegas** e que sexa accesible desde a nosa web a todo o profesorado e comunidade educativa. **Obxectivos** (a1, a2, c3, b1, b2, b3, c8, c12, d1, d2)

28. **Obradoiro de poesía en galego** para conmemorar o Día mundial da poesía o 21 de marzo para todo o alumnado do centro dirixido a favorecer a *oralidade do galego* en colaboración co equipo de biblioteca. O día da entrega de premios faremos unha recitación dos mellores poemas. Con todos eles elaboraremos un libro para a biblioteca. Os mellores poemas serán editados na web escolar. **Obxectivos** (a1, a2, c3, b1, c1, c2, c16,17, d1, d3, d4)

29. **Obradoiro/certame de elaboración de contos en galego** onde a temática será libre. Cos mellores traballos faremos un libro para a biblioteca. Os premios aos gañadores serán entregados o Día do libro. **Obxectivos** (a1, a2, a5, b1, c1, c2, c3, c20, d1, d3, d4)

30. **II Concurso/certame "CEIP Manuel Sueiro"** . Consiste en elaborar unha **adaptación con texto e ilustracións dunha obra da Literatura Universal** que elixirá o Departamento de Biblioteca e o Equipo de Normalización Lingüística. Este ano a obra para a adaptación será ***"Historia de una gaviota y de un gato que le enseñó a volar"*** **(Luís Sepúlveda).** A adaptación da obra será en lingua galega. Haberá un único premio que consistirá en 100 euros para investir en libros; ademais farase unha exposición do

traballo no Centro, *publicarase na páxina web do colexio* así coma a reprodución dun exemplar para cada un dos participantes do traballo gañador, e varios exemplares para a biblioteca do centro. **Obxectivos** (a1, a2, a9, b1, b4, d1).

31. Recompilación do **refraneiro popular en galego** así coma de **lendas e xogos populares,** onde o alumnado e as súas familias son os verdadeiros protagonistas. O profesorado velará pola realización do proceso. Farase unha exposición nos taboleiros do centro cos traballos recollidos. **Obxectivos** (a1, a2, a3, b1, c1, c2, c3, c20, d1, d3, d4)

32. Asistencia a **representacións teatrais** ou proxeccións de películas en lingua galega no auditorio ou no Teatro Principal se fose posible. Participaremos noutras que xurdan ao longo do curso. **Obxectivos** (a1, b1, b3, c1, c11, c2, d1).

33. Participaremos activamente en **sesións de contacontos** en galego. Concertaremos se é posible algunha sesión co Concello ou con outra entidade. **Obxectivos** (a1, a2, a3, a4, a5, a6, a7, b1, c1, c2, c11, c14, d1, d2, d3).

34. Na web do centro reflectiremos todas aquelas actividades que estamos imos realizando de este proxecto de fomento do uso do galego. **Obxectivos** (a1, a2, a3, a4, a5, a6, a7 b1, b2, b3, b4, b9, c1, c2, d1, d2, d3, d5).

http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuelsueiro/

35. Poremos ao alumnado en contacto coa realidade actual do país mediante a realización de **visitas de carácter didáctico**.***Visitaremos o pobo de Allariz*** para coñecer como era os antigos oficios de muiñeiro e curtidor,...**Obxectivos**(a1, a2, a3, a4, a5, a6, a7, a8, b1, b2, b3, b4, b9, c1, c2, c4, c5, c10, d1, d2, d3, d4, d5)

36. Elaboración do **Xornal "A SOBREIRA":** esta é a actividade máis laboriosa de tódalas que pensamos realizar neste curso. A elaboración do xornal é certamente complicada porque esixe unha gran coordinación do claustro. Dende o E.D.L.G. convócase unha reunión para explicar como vai ser este ano a elaboración do xornal. O alumnado é moi importante xa que sen a súa participación carecería de sentido esta actividade. **Obxectivos (**a1, a2, a3, a4, a8, a9, b1, b2, b3, b4, b5,b6, b8, b9, c1, c2, c4, c6, c7, c8, c9, c11, c13, d1, d3, d4, d5).

37. Continuar editando ao final de curso **un xornal escolar** no que quedarán reflectidas todas as actividades realizadas ao longo do curso escolar e no que participará toda a comunidade escolar. . **Obxectivos**(a1, a2, a3, a4, a5, a6, a7, a8, b1, b3, b4, c1, c2, c5, c6, c7, c13, d1, d2, d3)

Colaboración con outras entidades

38. Colaboraremos coa fundación "**Xaquín Lorenzo**" para desenvolver os **IX Obradoiro de Xogos Populares** no noso centro, cunha duración de tres sesións de Xogos populares, nas instalacións do centro, coa finalidade de que estes xogos, dos nosos antepasados, perduren no tempo. Ditas sesións, xa están programadas para os días 7,11 e 18 do mes de abril. **Obxectivos** (a1, a2, a3, a4, a6, a7, b1, b3, b5, c1, c2, d1, d2, d3, d4,).

39. **Realizaremos un DVD** de compilación de todas as actividades realizadas ao longo do curso e que servirá para proxectar cara as familias todo aquel traballo realizado no centro en defensa do noso idioma. **Obxectivos** (a1, a2, a3, a4, a5, a6, a7, b1, b3, c1, c2, d1, d2, d3, d4).

40. Manter actualizada a **Web do centro e o apartado da Coordinadora de EDL** no que o alumnado irá colgando as súas creacións literarias en galego. **Obxectivos** (a1, a2, a3, a4, a5, a6, a7, a8, b1, b3, b4, b5, b8 c1,c2, c4, c9, c10 d1, d2, d3, d4, d5)
41. Completar a **exposición permanente** que temos nos corredores do colexio cos cartaces e traballos feitos polos alumnos e profesores do centro. **Obxectivos** (a1, a2, a3, a4, a5, a6, a7, b1, b3, b5, c1, c2,c8, c13, c21, c13, d1, d2, d3, d4).

42. Participar coas **Xornada de teatro escolar de Bande** que organiza o Concello e o centro. **Obxectivos** (a1, a2, a3, a4, a5, a6, a7, a8, b1, b3, b4, b5, b8 c1,c2, c4, c9, c10 d1, d2, d3, d4, d5)

43. A **Asociación de pais e nais** do centro (AMPA) colabora con algunhas das actividades do centro tales coma o Magosto e saídas culturais, facéndose cargo ás veces do presuposto. **Obxectivos** (a1, a2, a3, a4, a5, a6, a7, a8, b1, b3, b4, b5, b8 c1,c2, c4, c9, c10 d1, d2, d3, d4, d5)

44. Membros da **parroquia Cristo Rey das Lagoas**. Solicitaremos a súa participación no centro para que conversen con nós de cousas e actividades da vida diaria coa finalidade de que os alumnos coñezan como era a vida dos nosos maiores cando tiñan a súa idade e de mozos. A que xogaban, a que actividades adicaban o tempo libre, en que traballaban,… **Obxectivos** (a1, a2, a3, a4, a6, a7, b1, b4, b5, b8, c1, c2, c3, c4, c5, d1, d2, d3, d4, d6).

45. **Instituto das Lagoas**. Compartirán espazos como o salón de actos co noso centro para a realización do festival de Nadal. **Obxectivos**(a1, a2, a3, a4, a5, a6, a7, b1, b3, b5, b7, c1, c2, c4, c15, c16, d1, d2, d3, d4)

46. **Escola de Educación Infantil "A Nosa Casiña**". Dende o PDI participárase coa escola Infantil no Nadal representando un conto con esta de temática. **Obxectivos** (a1, a2, a3, a4, a6, a7, b1, b4, b5, b8, c1, c3, c4, c5, d1, d2, d3, d4, d6, c1, c2).

47. **.C.I.F.P. PORTOVELLO OURENSE** (CENTRO DE ENSINANZA Centro integrado de formación profesional). O alumnado de Educación Infantil participará nos Xogos tradicionais presentados polo C.I.F.P. **Obxectivos** (a1, a2, a3, a4, a6, a7, b1, b4, b5, b8, c1, c3, c4, c5, d1, d2, d3, d4, d6, c1, c2).

48. **Realizaremos un DVD** de compilación de todas as actividades realizadas ao longo do curso e que servirá para proxectar cara as familias todo aquel traballo realizado no centro en defensa do noso idioma. Obxectivos (a1, a2, a3, a4, a5, a6, a7, b1, b3, c1, c2, d1, d2, d3, d4).

49. **Contacontos do Concello.** Tivemos a sorte de contar no noso centro cunha das obras de teatro que ofertaba polo Concello As viaxes de Marco Polo . A obra foi destinada ao alumnado mais cativo do centro, Educación infantil e primeiro e segundo de Primaria. **Obxectivos** (a1, a2, a5, b1, c1, c2, c13, c14, d1, d4).

50. Alumnos e mestres do **CEIP Pazos de Reis de Tui**. Os alumnos de sexto curso do noso centro poñeranse en contacto cos alumnos do colexio de Tui para intercambiar refráns e ditos populares das súas comarcas relacionados ca meteoroloxía. A actividade parte dende o ENDL en colaboración co proxecto de Meteoroloxía do PDI da biblioteca. **Obxectivos** (a1,a2, a3, a4, a6, a7, a8, b1, c1,c2, c3, c4, c11, d1, d2, d3, d4, d5, d6).

5. ANEXO II

CADRO RESUMO DAS ACTIVIDADES POR TRIMESTRES

Temporalización: todo o curso

Actividade	Responsables	Destinatarios	Presuposto
Escritos familias (1)	Profesorado	Comunidade educativa	Asumido polo colexio
Documentación centro (2)	Profesorado	Comunidade educativa	Asumido polo colexio
Cuños (3)	Dirección	Comunidade educativa	Asumido polo colexio
Uso do galego (4)	Profesorado	Comunidade educativa	
Carteis, avisos…(5)	Profesorado	Comunidade educativa	Asumido polo colexio
Actos do centro (6)	Profesorado	Comunidade educativa	0
Cartaces celebracións (7)	Profesorado	Comunidade educativa	Asumido polo colexio
Web do centro (8)	Profesorado	Comunidade educativa	0
Contidos web (9)	Profesorado	Comunidade educativa	0
Entradas na web (10)	Profesorado	Comunidade educativa	0
Unidades didácticas (11)	Profesorado	Comunidade educativa	0
Software galego (12)	Profesorado	Comunidade educativa	Asumido polo colexio
Material informático (13)	Profesorado	Comunidade educativa	Asumido polo colexio
Libros biblioteca (14)	Profesorado	Comunidade educativa	Asumido polo colexio
Outros fondos (15)	Profesorado	Comunidade educativa	Asumido polo colexio
Hora de ler (16)	Profesorado	Comunidade educativa	Asumido polo colexio
Refraneiro popular (17)	Profesorado	Comunidade educativa	0
Blog de aula (18)	Profesorado	Comunidade educativa	0
Blog coordinadora EDL (19)	Profesorado	Comunidade educativa	0

Temporalización: Primeiro trimestre

	Actividade	Responsables	Destinatarios	Presuposto
Samaín (20)	Ud. Didáctica	Profesorado	Comunidade educativa	Asumido polo colexio
	Web Samaín	Profesorado	Alumnado	0
	Exposición cabazas Disfraces	Profesorado	Comunidade educativa	0
	Sesión de Contacontos	Profesorado e contacontos	Alumnado do centro	Asumido polo colexio
Magosto (21)	Cartaces e UD	Profesorado	Alumnado e profesorado	Asumido polo colexio
	Celebración do magosto	Profesorado	Comunidade Ed.	Asumido polo colexio
Día da ciencia (22)	Día da ciendia	Profesorado	Comunidade Ed	Asumido polo colexio
Dia das bibliotecas (23)	Recitaxe de poemas	Profesorado	Comunidade educativa	Asumido polo colexio
Nadal (24)	WQ e UD Lendas do Nadal	Profesorado	Alumnado	Asumido polo colexio
	Lendas do Nadal, Lenda do Apalpador	Profesorado	Comunidade educativa	Asumido polo colexio
	Concurso de postais	Profesorado	Alumnado	Asumido polo colexio
	Festival Nadal	Profesorado, alumnado e pais e nais	Comunidade educativa	Asumido polo colexio
	Actualización web e blogs	Profesorado	Comunidade educativa e comunidade internauta.	Asumido polo colexio

Temporalización: Segundo trimestre

Actividade	Responsa-bles	Destinatarios	Presupos-to	Materiais
Día da Paz (25): • UD • Recitación de Poemas. • Manifesto.	Profesorado	Alumnado do centro	100	Folios, fotocopias, cartolinas, DVDs, lapis de cores, ceras, plastificadora, temperas, Globos…
"O entroido" (26) : • Unidade. Didáctica • Cartaces	Profesorado	Alumnado do centro	100	Folios, fotocopias, cartolinas, DVDs, lapis de cores, ceras, plastificadora
Elaboración de máscaras, disfraces (27)	Profesorado	Alumnado e profesorado Comunidade educativa	400	Cartolinas, papel adhesivo, sacos plástico, gorros de ananos, traxes picapedras, asubíos, plastificadora, tesoiras, rotuladores, cinta illante, cola, témperas…
Hora de Ler (28)	Profesorado	Alumnado do centro	100	Folios, fotocopias, cartolinas, DVDs, lapis de cores, ceras, libros
Recitaxe de poesía en galego (29)	Profesorado	Alumnado do centro	100	Cartolinas A4, ceras, lapis de cores, plastificadora, encadernación
Creación da web do EDL e do de aula (30)	Profesorado	Toda a comunidade educativa	0	
Adaptación literaria en galego da obra *"Historia de una gaviota y de un gato que le enseñó a volar"* **(Luís Sepúlveda).** "(31)	Profesorado	Alumnado do centro e dos centros educativos que queiran participar no concurso	120	Cartolinas A4, ceras, lapis de cores, plastificadora, encadernación Premio de100 euros ao gañasdor

Temporalización: Terceiro trimestre

Actividade	Responsables	Destinatarios	Presu-posto	Materiais
Web “Letras Galegas” (32)	Profesorado	Alumnado do centro Profesorado	50	Folios, fotocopias, fotocopias cor, tinta impresora cor, cartolinas, lapis de cores, ceras, plastificadora, cola, papel murais, tesoiras
Elaboración UD sobre: Letras galegas (33)	Profesorado	Alumnado do centro	100	
Compilación de recursos sobre Xosé Fernando Filgueira Valverde (34)	Profesorado	Alumnado do centro	0	Fotocopias
Exposición permanente de cartaces (35)	Profesorado	Comunidade educativa	100	Marcos cartaces, colgafáciles
Visita cultural a Allariz (36)	Profesorado	Alumnado do centro	600	Autobús, monitores e visitas
IX obradoiro de Xogos populares (37)	Profesorado, fundación Xaquín Lorenzo	Alumnado do centro	50	Xogos, fotocopias e folios
Festival Letras Galegas (38)	Profesorado, alumnado e pais e nais	Alumnado e Comunidade educativa	200	Folios, fotocopias, cartolinas, DVDs, lapis de cores, ceras, plastificadora, cola
Hora de lectura: (39)	Profesorado	Alumnado do centro	100	Cartolinas, lapis de cores, Libros…
PD I da Biblioteca (40)	Profesorado	Alumnado do centro	100	Folios, fotocopias,, cartolinas, plastificadora, cola, papel murais,
Contacontos (41)	Profesorado e Contacontos	Alumnado do centro	150	Cartolinas, DVDs, lapis de cores, ceras, contacontos, libros
Actualización do do apartado da Web da Coordinadora de EDL (42)	Profesorado	Toda a comunidade educativa	0	DVDs
Páxina web (43)	Profesorado	Comunidade educativa	0	DVDs
Realización de DVD (44)	Profesorado	Comunidade educativa	100	DVDs
Xornal escolar “ A Sobreira” (45)	Profesorado e alumnado	Profesorado, alumnado e pais e nais	600	Imprenta

A parte do presuposto que non cubre o financiamento outorgado pola Consellería de Cultura, educación e O.U. será asumido polos gastos de funcionamento do Centro.

Tamén, facemos constar que **nos comprometemos a desenvolver as actividades propostas** neste proxecto en caso de obter financiamento máximo posible, **e en caso contrario tamén o realizaremos**, porque entendemos que o fomento do uso do galego, ao igual que o sistema educativo, debe de sustentarse en **principios humanistas** onde o que prime sexa a persoa e non cos principios tecnocráticos cada vez máis restritivos que está a padecer o sistema educativo público galego, en base a unhas escusas que a nós non nos convencen, nin entendemos, e que o único que fan e crear desigualdades cada vez máis grandes entre o ensino no rural e nas grandes cidades.

Ourense a **6 de febreiro** do **2015**

A coordinadora:	**Vº Pra. A Directora:**
Asdo: Aranzazu Rodríguez blanco	Ana Mª Sánchez-Brunete Alija